

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Camba Mejuto

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a once de febreiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove

horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de febreiro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

- Proxecto técnico da obra de “CAMBIO DE CUBERTA NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL MANUEL LAMAZARES”, redactado polo arquitecto Don Pablo Pol Barros, en data febreiro de 2022, cun importe global de execución por contrata de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (47.234,73 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias co data 10/02/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2022

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da Orde do 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 6, do 11/01/22). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para a realización de obras de cambio do material de cuberta do edificio do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo unha subvención por importe de TRINTA E SETE MIL SETECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (37.787,78 €) para o investimento denominado “*Cambio de cuberta no Centro Cultural Municipal Manuel Lamazares*”, cun orzamento total de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON

SETENTA E TRES CÉNTIMOS (47.234,73 €), IVE incluído, de conformidade co proxecto técnico do mesmo nome, aprobado na presente sesión e redactado polo arquitecto Don Pablo Pol Barros.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

4.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA INVESTIMENTOS NON PRODUTIVOS VINCULADOS Á REALIZACIÓN DE OBXECTIVOS AGROAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS EN CONCELLOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA 2000

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da Orde do 21 de decembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2022 e 2023 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 9, do 14/01/22) e a conveniencia para o interese público de solicitar unha axuda económica para a recuperación do coñecido como “*camiño real*”, que comunicaba os lugares de Ourín e Barrio e para sinalizar os accesos ao Monte Faro.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda unha axuda económica por importe de NOVE MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (9.202,65 €) para a actuación denominada “*Recuperación do camiño real de Ourín e sinalización do Monte Faro*”.

Segundo.- Aprobar a Memoria técnica valorada redactada, con data febreiro de 2022, polo enxeñeiro técnico forestal Don Benito Lourido Quintana, cun orzamento de execución por contrata de ONCE MIL CENTO TRINTA E CINCO EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (11.135,21 €), IVE incluído.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e calquera outra documentación que resulte necesaria para a efectividade do acordado.

5.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR INTERINIDADE DUN POSTO DE TRABALLO DE OPERARIO/A DE SERVIZOS DIVERSOS

De conformidade co establecido na Base 7ª do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 28 de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por interinidade, dun posto de traballo de operario/a de servizos diversos aos seguintes empregados/as públicos:

PRESIDENTE

Titular: Jorge Ojea Mato, AEDL.

Suplente: Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

VOGAIS

Titular: Francisco Lorenzo Eiriz, peón de servizos diversos.

Suplente: Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

Titular: José Albor González, peón de servizos diversos.

Suplente: Ezequiel Fernández Bardelás, condutor.

SECRETARIO

Titular: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

Suplente: Francisco Javier Lamazares García, administrativo.

6.- RECOÑECEMENTO DA SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA DE TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA

ANTECEDENTES

1º.- Dona Ana Núñez Varela, con DNI núm. ██████████, veciña de Chantada (Lugo), ostenta a condición de traballadora laboral indefinida deste Concello no posto de traballo de auxiliar do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF).

2º.- Dita traballadora solicitou con data 21 de xaneiro do corrente (RE núm. 96) que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en situación de excedencia voluntaria por un período de tres (3) anos, con efectos do día 1 de marzo de 2022.

3º.- Consta acreditado no seu expediente persoal que a traballadora ten unha antigüidade no Concello superior a un ano.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Primeiro.- O artigo 46.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores establece textualmente: *“O traballador con ao menos unha antigüidade na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor a catro meses e non maior a cinco anos”*.

Segundo.- A solicitante cumpre cos requisitos de antigüidade, o prazo solicitado está dentro dos límites legais e non ten concedida ningunha outra excedencia voluntaria anterior.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer á traballadora laboral indefinida Dona Ana Núñez Varela o seu dereito ao goce do período de excedencia voluntaria solicitado.

Segundo.- A excedencia terá unha duración de tres (3) anos e producirá efectos dende o día 1 de marzo de 2022.

Terceiro.- Durante o período de excedencia a traballadora non percibirá retribución algunha, nin a empresa cotizará por ela á Seguridade Social. Asemade, o tempo transcorrido nesa situación non será computable a efectos de antigüidade.

Cuarto.- A traballadora en excedencia conserva un dereito preferente ao reingreso, unha vez transcorrido o período autorizado, nas vacantes de igual ou similar categoría á súa que houbera ou se produciran no Concello.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á traballadora concernida, así como á Tesourería Xeral da Seguridade Social, aos efectos oportunos.

7.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO DO CONCELLO

Con data 10 de febreiro do corrente (RE núm. 209) Dona Raquel Blanco Valladares, traballadora laboral indefinida do Concello coa categoría de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), presenta minuta asinada para o recoñecemento de trinta (30) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2021. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2022, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de trinta (30) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de febreiro de 2022.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS CONTRATACIÓNS LABORAIS AUTORIZADAS CON CARÁCTER DE URXENCIA

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que o Concello autorizou as seguintes contratacións de persoal para as substitucións de traballadoras municipais polos motivos que deseguido se sinalan:

TRABALLADOR/A CONTRATADO/A	DNI	POSTO DE TRABAJO	SERVIZO	PERÍODO DE CONTRATO	MOTIVO
Susana Juiz Pereira	██████████	Auxiliar	SAF	09-13/08/21	Vacacións de Rosa Mª Beleda Presas
Rosa Galego Sánchez	██████████	Auxiliar	SAF	26/08/21	Permiso laboral de Laura Eiriz Sobrado

TRABALLADOR/A CONTRATADO/A	DNI	POSTO DE TRABALLO	SERVIZO	PERÍODO DE CONTRATO	MOTIVO
Ricardo Cacheda Salgado	████████	Auxiliar	SAF	03/09/21	Permiso laboral de Susana Otero García
Rosa Galego Sánchez	████████	Auxiliar	SAF	09-10/09/21	Permiso laboral de Laura Eiriz Sobrado
Rosa Galego Sánchez	████████	Auxiliar	SAF	20/09/21	Permiso laboral de Laura Eiriz Sobrado
Antía Castro López	████████	Coidadora	PAI	20-21/09/21	Permiso laboral de Mirian Arias Panadeiros
Tania Mª Blanco Pérez	████████	Coidadora	PAI	01-02/12/21	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares
Verónica Regueira Soengas	████████	Auxiliar	SAF	09-10/12/21	Permiso laboral de Ana Mª García Presas
Miriam Hernández Santiago	████████	Coidadora	PAI	28-29/12/21	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS 134,73 €
Por cota anual de pertenza á Federación, s/factura núm. RC/22-5544 (FACe).
- RODOIL S.L. 68,28 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de xaneiro de 2022, s/factura núm. 2022/22000003 (FACe).
- ALQUILERES LALÍN S.L. 682,44 €
Por aluguer de maquinaria para obra no campo da festa de Negrelos, s/factura núm. 22/56.
- RODOIL S.L. 156,21 €, 59,17 € E 47,87 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xaneiro de 2022, s/facturas núm. 2022/22000004, 2022/22000006 e 2022/22000009 (FACe).

- RODOIL S.L. 4,83 €, 28,44 € E 2,00 €
Por subministro de combustible á máquina varredora e lavado do camión de recollida do lixo no mes de xaneiro de 2022, s/facturas núm. 2022/22000008, 2022/22000007 e 2022/22000005 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 881,29 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xaneiro de 2022, s/factura núm. FA – 175.
- HORMIGONES MONTERROSO S.L. 940,78 €
Por subministro de formigón para obras en camiños municipais, s/factura núm. 062 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)